




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Costa de Estaca de Bares e Picón. Concello: Mañón e Ortigueira.
Parroquia: Santa María de Mogor -a maior parte-, San Xulián de Loiba no extremo sudoccidental.
Extensión: 4,58km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Composta por un esteiro encaixado entre varios bloques movidos tectonicamente, contrastando a horizontalidade da zona afundida e as elevadas pendentes que enlazan cos cumes dos bloques contiguos (Bares e Picón). Na parte baixa aparecen unha praia con extensa área de repouso, un cordón dunar e unhas marismas orientadas ao longo da fractura SO-NE, que é a responsable da apertura da depresión hidromorfa. Inclúe o EIX Costa acantilada de Picón.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Un bandeado de orientación NNE-SSO cobre a unidade, sucedéndose de leste a oeste e dentro do dominio do Olo de Sapo: filitas do Ordovícico inferior, ademais dunha pequena sección do dique de cuarzo do Barqueiro; cuarcitas en bancos continuos da mesma idade; unha banda ancha de filitas do Ordovícico medio e superior. Nesta última banda, no fondo do suco tectónico de Loiba e Picón aséntanse depósitos holocenos de marisma, aluviais e dunares e praieiros.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Seco no que a temperatura media anual supera os 14°C e a amplitude térmica media oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. En canto ás precipitacións hai que falar de máximos acumulados de 1000 mm ao ano, sen chegar a baixar dos 800 mm.

OS SOLOS

Arenosoles sobre os sedimentos cuaternarios da parte exterior do esteiro. Augas arriba pequenas marismas con solos do tipo fluvisol tíónico e os fértiles fluvisoles hápticos no fondo do val do Río do Esteiro. As vertentes laterais desenvolven principalmente cambisoles dístricos e eútricos.


AS AUGAS

Unidade que verte sobre a masa de Augas Costeiras 20115. A rede fluvial comprende o curso baixo do Rego de Mogor e do Río do Esteiro ao que se une o Rego do Pumar de Vale pola súa marxe dereita, formando un esteiro cheo de depósitos no fondo do suco tectónico.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Praia, dunas e marismas inclúense no LIC Estaca de Bares. Posúe algún pequeno retallo de 1230 Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas, pero dominan os hábitats dunares do grupo 21, dunas marítimas das costas atlánticas; os de marisma (13, Marismas e pasteiros salinos atlánticos e continentais) (algo menos de 10 ha); e os de áreas hidromorfas e bosques de ribeira (91E0), destacando as formacións dos ríos Mogor e Esteiro, que suman 9 e 20 ha respectivamente.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Os usos do solo nesta unidade distribúense en relación cos elementos naturais e topográficos dominantes. A maior parte da unidade presenta unha cuberta vexetal de diferentes características: vexetación de marisma na desembocadura do Río Esteiro que domina todo o sector noroccidental da unidade e de ribeira principalmente sobre o leito do río Mogor e na confluencia do río Esteiro co arroio de Pumar do Vale. Os solos dedicados aos cultivos localízanse, maioritariamente, no val do río Mogor aproveitando a fertilidade do substrato e a suave inclinación da pendente. Xunto a eles sitúanse os asentamentos pertencentes á parroquia de Santa María de Mogor. O bosque de repoboación cobre as ladeiras dos contrafortes montañosos que encaixan a unidade, Montedónigo ao sur e Canoles ao norte, aínda que este último relevo foi transformado pola gran explotación de cuarzo a ceo aberto que sobre el se asenta e que é cofeçada como Mina Sonia.

MORFOLOXÍA

Os asentamentos situados no interior da unidade localízanse preferentemente no tramo superior do Río Mogor, moi próximos á divisoria de augas coa Ría Barqueiro e ao propio núcleo do Barqueiro, do que dependen funcionalmente, entre estes O Casal, A Igrexa e o máis relevante, Mogor, caracterizado polo agrupamento tradicional de vivendas a partir da unha rúa principal na que se van apoiando as novas edificacións alongando e dispersando lixeiramente o asentamento primixenio. Tamén se observan novas edificacións na estrada que une o asentamento principal coa praia de Esteiro. Por outro lado, na marxe dereita da cabeceira do esteiro do Esteiro atopa o pequeno asentamento de Pumar do Vale que mantén os valores propios do modelo tradicional. Tras as dunas da praia de Esteiro detéctanse novos usos de edificacións coa dotación dun equipamento deportivo e un cámping.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As infraestruturas existentes son escasas debido á baixa densidade poboacional do conxunto da unidade. Presentan unha disposición transversal á costa cunha orientación predominante sueste-noroeste. Cabe destacar en canto ao acceso rodado, a presenza anecdótica da N-642 ao leste da unidade que permite o acceso ao Barqueiro. Dende este núcleo parten distintos camiños veciñais que van dando servizo aos distintos asentamentos ou ben, permiten o acceso a través do val do Río Mogor á praia de Esteiro ou ao asentamento de Pumar do Vale ao cal tamén se pode acceder dende a N-642 en dirección a Ortegal. A rede de ferrocarril de FEVE discorre polo val do Río Mogor, cinguíndose ao relevo de Montedónigo e cruzando o esteiro do Río Esteiro pola súa cabeceira para continuar en sentido sudoeste cara a Ortegal.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A maioría dos elementos catalogados como ben de interese cultural localízanse no núcleo de Mogor: casa reitoral, cruceiro e igrexa parroquial de Santa María. Ademais, é necesario citar o lavadoiro existente en Campo, e a ermida de Santa Rosa en Sabaído, que tamén son elementos recoñecidos como patrimonio cultural. Á marxe destes elementos, debe incluírse nesta alínea, a tradicional romaxe de carácter popular que se leva a cabo cada 22 de agosto no areal de Esteiro.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Neste sector das Rías Altas o elemento dominante é, sen lugar a dúbidas, o accidente xeográfico de Estaca de Bares pola súa potencia e situación. O territorio desta unidade atópase na base daquela imponente punta, encaixado entre relevos de gran potencia cuxas fracturas e orientacións litolóxicas permitiron a apertura dun val fluvial, o do Río Mogor, con orientación SE-NO, e o do Esteiro con orientación SO-NE, en cuxo encontro, próximo á desembocadura no Atlántico, formouse un importante complexo de esteiro con zonas de marisma, extenso areal e sistema dunar asociado. A rede de asentamentos apóiase na cabeceira do Río Mogor, sobre os escasos relevos máis ou menos chairros da divisoria de augas, onde se localiza a capital municipal O Barqueiro e os servizos asociados.

DINÁMICA DA PAISAXE

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dun territorio que conserva importantes valores naturais condensados, fundamentalmente, no esteiro previo á desembocadura do Río Esteiro que alberga unha sucesión de elementos de gran interese: marisma, areal e cordón dunar asociado. Por iso, todo o ámbito de esteiro e o seu ámbito foi declarado LIC segundo a Directiva Hábitat e ZEPVN pola lei galega de espazos naturais. Estes valores acentúanse se se ten en conta o contexto xeográfico nos que teñen cabida: unha costa, a pertencente á Estaca de Bares ao norte e de Picón ao sur, con importantes relevos que xeran vertentes moi escarpadas cara ao mar que non dan tregua á existencia de fondos planos que permiten o desenvolvemento de sistemas de esteiro como o que acontece no caso do Río Esteiro. A singularidade deste espazo, pon de manifesto ao ser elixido pola poboación do lugar para levar a cabo unha tradicional romaxe cada 22 de agosto no propio areal. Por outro lado, a complexidade do relevo e as difíciles condicións para o asentamento de poboacións pola súa evidente exposición á fachada marítima atlántica, fan deste sector un espazo escasamente ocupado e as poboacións existentes concéntranse en pequenos asentamentos de carácter rural ben definidos.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



